



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** PREMIOS, CERTÁMENES Y CONCURSOS: DESTAPA A LARACHA 2023

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/001371

### **ANTECEDENTES:**

O Concello da Laracha, a través da súa Concellería de Promoción Económica, no seu afán de colaborar coa promoción e apoio ao tecido económico municipal, propón a realización dunha actuación dirixido ao sector hostaleiro do Concello, mediante o evento gastronómico: concurso de tapas “ DESTAPA A LARACHA 2023”.

Mediante este evento gastronómico, o Concello pretende apoiar ao tecido empresarial, neste caso ao sector hostaleiro, dinamizando actuacións de participación cidadán xunto có sector hostaleiro, promocionando aos establecementos hostaleiros dando a coñecer a súa cociña e os seus servizos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes:

“BASES DO CONCURSO DE TAPAS: “DESTAPA A LARACHA 2023”

### **1.- PRESENTACIÓN**

En cumprimento do previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, desenvolvida pola Base 20ª das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de A Laracha para o ano 2022, O Concello da Laracha, a través da súa Concellería de Promoción Económica, pon en marcha unha campaña de promoción e apoio ao sector hostaleiro do Concello, mediante o evento gastronómico: concurso de tapas “ DESTAPA A LARACHA 2023”.

### **2.- OBXECTIVO**

Mediante este evento gastronómico, o Concello pretende apoiar ao tecido empresarial, neste caso ao sector hostaleiro, dinamizando actuacións de participación cidadán xunto có sector hostaleiro, promocionando aos establecementos hostaleiros dando a coñecer a súa cociña e os seus servizos.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

### 3.- DIFUSIÓN

A celebración do evento: DESTAPA A LARACHA, xunto coa promoción dos locais participantes será divulgado a través dos diferentes medios dispoñibles: páxina web: [www.destapa.alaracha.gal](http://www.destapa.alaracha.gal), facebook, instagram, cartelería, taboleiros, folletos, radio e prensa escrita, rolda de prensa – presentación, envío de información do evento a concellos limítrofes, entre outros.

### 4.- DATA DE CELEBRACIÓN

A celebración do evento gastronómico será entre o venres 3 de novembro e o domingo 26 de novembro de 2023. Posteriormente se celebrará un evento único de peche de celebración (data por determinar) onde se fará entrega de premios.

### 5- PARTICIPANTES

O evento (concurso de tapas): Destapa A Laracha 2023 queda aberto de maneira gratuíta a todos os establecementos hostaleiros do termo municipal da Laracha, que se inscriban e acepten as bases do certame dende o día seguinte á publicación das presentes bases no BOP e con data límite o 26 de outubro, independentemente da súa cualificación ou categoría: taberna, bar, cafetería, mesón, café-bar, restaurante, despacho-degustación que queiran destacar e dar a coñecer a súa cociña.

### 6.- PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición queda aberto dende o día seguinte á publicación no BOP, ata o 27 de outubro (incluído), podendo facerse a través do formulario habilitado na páxina web do evento: [www.destapa.alaracha.gal](http://www.destapa.alaracha.gal), ou persoalmente no Edificio Administrativo (Avd. Finisterre 60, 15145 A Laracha).

### 7.- CATEGORÍAS OU MODALIDADES

Cada establecemento inscrito no evento (concurso) poderá participar cunha soa tapa ou con dous tapa, como así indiquen no formulario de inscrición.

As modalidades serán:

TAPA TRADICIONAL, cun prezo de 1,90 euros.

TAPA VANGARDISTA, cun prezo de 2,50 euros.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Non se poderá presentar unha tapa que xa fose presentada a concurso DESTAPA A LARACHA na edición anterior.

Estas tapas serán elaboradas libremente con calquera ingrediente ou produto que cada establecemento hostaleiro considere oportuno, fría ou quente...

### 8.- TÉCNICA DE ELABORACIÓN

Cada establecemento poderá elaborar libremente as tapas coas que participe. Debendo ser as mesmas coas que se inscribiu no concurso (mesmos ingredientes, mesmo tamaño, e mesma presentación).

Durante os días de fin de semana de celebración do evento, as tapas deberán estar a disposición dos clientes entre o horario establecido nas presentes bases (de venres a domingo nos horarios que se indicarán na publicidade do evento) (nalgún dos días ou horas que o establecemento non poida ofertar a tapa, deberá indicalo á hora de facer a inscrición, para que así se recolla na información publicitaria).

### 9.- COMPOSICIÓN DO XURADO

- Xurado popular: será a clientela que mediante a súa votación individual a través do documento creado para tal fin (cartilla) indicará as valoracións persoais. Para poder participar na votación e polo tanto no sorteo de premios, a clientela deberá ter cuberto a súa tarxeta cos datos completos, así como seladas 4 tapas, (unha por local participante) e de a lo menos 3 parroquias distintas. Haberá unha cartilla para a tapa tradicional e unha tarxeta para a tapa vangardista.

O xurado popular poderá participar con tantas tarxetas como queira, en unha ou ambas modalidades sempre que estean debidamente cubertas, seladas e depositadas no prazo fixado nas urnas habilitadas para tal fin como data límite o derradeiro día de presentación das tapas (26 de novembro).

- Xurado acreditado experto: será configurado por 3 profesionais expertos no sector da hostalería e da cociña, que visitarán tódolos locais de forma anónima e que serán presentados no evento final de peche e de entrega de premios. Este xurado valorará con puntuación de maior a menor todas as tapas propostas a concursos, por un lado a tapa tradicional e por outro a tapa vangardista; debendo facilitar dita valoración despois da reunión de deliberación, e que sumada á valoración do xurado popular dará o resultado das dous tapa gañadoras, unha por cada modalidade de Tapa tradicional e de Tapa vangardista.





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
**Sede Electrónica:** <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## 10.- CRITERIOS DE VALORACIÓN PUNTUABLES

Serán os seguintes criterios os que tanto o xurado experto, coma o xurado popular deberán ter en conta na:

Modalidade tradicional: a presentación, os ingredientes, o sabor, a temperatura, o uso dos produtos tradicionais, a calidade dos mesmos.

Modalidade vangardista: a presentación, os ingredientes, o sabor, a temperatura, o uso de produtos novos, a elaboración, a orixinalidade e a estética.

## 11.- ACTA DO CONCURSO

Rematada a fase de degustación das tapas (26 de novembro do 2023), fixarase a data do acto para apertura de urnas e recuento de votos, sendo a tapa gañadora de cada modalidade a de maior puntuación resultante da suma do xurado popular e do xurado experto (en caso de empate será o xurado experto o que resolva o desempate).

Tamén se levará a cabo o sorteo dos premios entre as pasaportes debidamente cumprimentados dos clientes.

Da dita sesión levantarase acta.

## 12.- PROCLAMACIÓN DE TAPAS GAÑADORAS

En data posterior ao acto de recuento de votos para faiar as tapas premiadas de cada modalidade o concello celebrará un acto de peche do evento, no que se fará entrega dos premios aos locais gañadores de TAPA TRADICIONAL e TAPA VANGARDISTA. Así como se dará a coñecer os nomes dos clientes gañadores do sorteo dos premios.

## 13.- PREMIOS

O Concello da Laracha, dispón de dous tipos de premios:

1.-Os premios aos locais gañadores da tapa tradicional e da tapa vangardista.

O local coa **tapa tradicional** gañadora recibirá un premio en metálico de **1.000 euros**, mención especial en medios de comunicación, paxina web, así como diploma.

O local coa **tapa vangardista** gañadora recibirá un premio en metálico de **1.000 euros**, mención especial en medios de comunicación, paxina web, así como diploma.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Estes premios en metálicos serán transferidos á conta bancaria do hostaleiro gañador e se lle aplicarán as retencións fiscais que procedan.

2.- Os premios aos clientes participantes.

Entre as persoas que participen no concurso, o Concello da Laracha, sorteará:

- 20 vales de compra por valor de 30 euros cada un, a cambiar antes do 21 de decembro de 2023, nos locais comerciais ou prestadores de servizos do Concello, previamente adheridos ao evento a través do formulario da paxina web [www.destapa.alaracha.gal](http://www.destapa.alaracha.gal).
- 2 cofres regalo: pack de experiencia ou similar.

3.- Tamén se poderá contar con premios dos locais colaboradores (que irán actualizándose na paxina web do evento, ata a data final do evento).

Os premios aos clientes tamén serán entregados unha vez realizado o sorteo, en función da orde que sexan extraídos da urna. Ao longo do mes, se publicarán todos os premios que entrarán no sorteo popular, identificando cada premio con número (dito número deberá corresponder coa orde de extracción de cada cliente participante).

No caso de que o cliente gañador sexa menor de idade, este deberá recoller o premio acompañado de pai, nai ou titor legal.

Deberá quedar unha lista de agarda de participantes, por si os premiados non acoden a recoller o seu premio no prazo de 5 días naturais (dende a data de publicación do listado de premios na web do evento).

## 14.- COMO PARTICIPAR

As persoas que desexen participar no evento gastronómico, terán a súa disposición na paxina web do evento, toda a información actualizada do mesmo, así como as presentes bases.

Para poder participar, a primeira visita que faga a un dos locais participantes, deberán adquirir por valor de 1 euro un pack composto por unha bolsa, un “pasaporte”, flyer, un bolígrafo ou similar e cartillas para votacións. O importe desde pack, en concepto de prezo público, será recadado polos locais participantes. A empresa externa que colabora na xestión do evento, acordará con cada local de hostalería participante o día e hora de recollida de dita recadación, e en todo caso antes do acto de apertura de urnas. O importe de recadación será ingresado nas contas bancarias do Concello da Laracha pola empresa externa colaboradora.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

As cartillas de participación deberán ir cubertas cos datos persoais do cliente e será o que deberá selar cada vez que acuda a un dos establecementos participante. So serán tidos en conta as cartillas que se extraian das urnas, unha vez rematado o evento de degustación e debidamente cubertos (4 locais de a lo menos 3 parroquias distintas). Por cada tapa o cliente deberá aboar 1,90 euros no caso de degustar a tapa tradicional e 2,50 no caso de ser a tapa vangardista.

Unha vez que o cliente teña cuberta debidamente a cartilla da tapa tradicional ou da tapa vangardista deberá depositala nalgunha das urnas habilitadas para tal fin nos locais participantes.

### 15.- OUTROS LOCAIS PARTICIPANTES

Ademais dos locais de hostalería participantes, o concello poderá contar coa participación do resto de establecementos en calidade de patrocinadores do municipio ou de fora do municipio que desexen adherirse a través do formulario Web habilitado ata o 24 de novembro. Nese caso poderán colaborar con algún tipo de obsequio, e dende o primeiro momento aparecerán na publicidade da páxina Web como “establecemento patrocinador”, así como serán invitados ao evento final de peche e entrega de premios (estes establecementos participantes deberán comprometerse a facer efectiva a súa colaboración). Outro tipo de colaboración será a dos locais que desexen adherirse para o cambio dos vales de compra; estes deberán admitir o cambio dos vales antes do 20 de decembro e emitir a factura correspondente antes do 21 de decembro).

### 16.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición ao evento por parte dos locais de hostalería e resto de participantes, suporá a aceptación das presentes bases. Reservándose ao Concello o dereito de interpretar estas bases, no caso de que fose preciso para aclarar algún aspecto.

SEGUNDO.- Publicar as seguintes bases no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello e na propia páxina web do evento: [www.destapa.alaracha.gal](http://www.destapa.alaracha.gal).

En Concello de A Laracha,

O alcalde

José Manuel López Varela





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Ramón Martínez Barbeito, do que eu secretaria, Marta Vázquez Garea, dou fe.

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 11/10/2023 10:06:00)

Decreto Nº: 1292/2023 - Fecha de decreto: 11/10/2023

versión imprimible

CVD: F5nAEHzz30nQHaimdV/

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

